



RITA CASALS, SECRETARIA EXECUTIVA DE FEFRIC
EDUARD VILA, XERENTE DE AGROPECUARIA CAN BARRINA



En **Vaca.tv**

Xenómica en Cataluña: "Os animais nacen máis uniformes e logran mellores producións"

A utilización das probas xenómicas nas ganderías catalás foi analizada na nova edición da Xornada Africor Lugo-Vaca Pinta. A Federación Frisona de Cataluña (Fefric), entidade que coordina as sete asociacións locais de control leiteiro, ofrece un servizo xenético desde 2020, tal e como explicaron a súa secretaria, Rita Casals, e Eduard Vila, un dos gandeiros implicados no programa. Conversamos con ambos sobre o proceso de traballo, as melloras e os retos da xenómica.

Por que é bo ter programas de mellora xenética competitiva?

Rita Casals (RC): Porque che permite dispoñer de datos fenotípicos, é dicir, coñecer a realidade da granxa. Cantos máis datos teñas, máis axustada e eficiente será a toma de decisións.

Eduard Vila (EV): Ao traballar con índices, agrupamos moitos caracteres e os animais saen moi compensados en todas as súas características. As vacas son máis funcionais e ofrecen mellores producións vitalicias.

Como se xestiona a xenómica ao amparo de Fefric?

RC: Fefric é unha axuda, pero o sistema flúe por si só. Cada controlador recolle as mostras na súa visita e envíaas á Federación. Nós coordinamos esa operación e realizamos

► RITA CASALS: "GRAZAS A FERAMENTAS COMO CONAFEMAT, AXILÍZANSE AS TAREFAS XENÓMICAS"



un *check-in*, que consiste nun control de calidade e na identificación das mostras. Posteriormente, trasládanse á Confederación de Asociacións Frisona Española (Conafe) para realizar a análise xenómica. Todos os movementos se rexistran nun programa de trazabilidade, a través do cal os gandeiros poden facer o seguimento.

EV: En Can Barrina nace un animal e colócaselle o crotal que incorpora o tubiño e permite sacar a mostra de cartilaxe. O controlador trasládalla a Fefric, que, á súa vez, a envía a Conafe. En catro ou seis semanas dispoñemos duns resultados que, ao ser de xatas moi pequenas, non son transcendentais. Eu míroos para comprobar se van na liña do que queremos proxectar, nada máis.

En principio, estes datos non se utilizan ata que as xovencas teñan ao redor dun ano.

Con que frecuencia visita o técnico a granxa?

EV: Cada seis meses, para avaliar o seu estado. Acreditamos a evolución dos datos coas decisións tomadas e corriximos certos aspectos no caso de ser necesario. Seleccionamos a parte do potencial que teñen as nosas nais e, logo, escollemos que machos utilizamos. Con esta información realízanse os apareamentos. Primeiro, incluimos uns quince touros e, finalmente, quedamos con cinco, os mellores segundo a plataforma Conafemat. Posteriormente, os datos introdúcense no programa reprodutivo e queda feito o traballo.

Como se xestou a relación con Can Barrina?

RC: Coñecémonos cando eu me incorporei á Federación. Eduard sempre estivo moi implicado na Asociación Frisona de Osona (AFO), unha das organizacións integradas en Fefric. Co tempo, intercambiamos colaboracións. Sempre digo que cando en Fefric hai un problema, a solución é fácil: entre todos os gandeiros a atopan.

Como comezou a aposta de Can Barrina pola xenómica?

EV: Ao ver como os centros de inseminación se poñían a iso e conseguían un avance importante nos machos, en 2017 empezamos a mirar onde poderíamos impulsala, cos seus custos e resultados. Tras unhas probas, en 2018, tomei a ►



Sydney
Chemical
SOLUTIONS

Mies de Prado, 27 · Riaño de Ibio · CANTABRIA

www.sydneychemical.com



CONSULTAS Y PEDIDOS:
+34 942 708 802

**VIRAL
ECONO**



**VIRAL
FORTE**



**VIRAL
REFORZADO**



**VIRAL
FORTIFIED**



PRODUCTO CONCENTRADO, DISEÑADO PARA LA HIGIENE Y SANEAMIENTO DE LAS PEZUÑAS. ES ALTAMENTE EFICAZ EN USO EN PEDILUVIOS PARA LA PREVENCIÓN DE DISTINTAS AFECIONES PODEALES EN ESTE TIPO DE ANIMALES.



**CONCENTRACIÓN
PERFECTA**



**EVITE
RIESGOS**



**EFICAZ CONTRA
BACTERIAS**

► EDUARD VILA: "NOS ANIMAIS NACIDOS UN ANO DESPOIS DE COMEZAR A XENOTIPAR XA SE COMPROBOU UN SALTO IMPORTANTE"



decisión de levar a cabo os estudos en Conafe. Durante dous anos dirixín os apareamentos, pero era demasiado traballo, ademais do que xa existe por si mesmo nunha granxa.

En que momento Fefric decidiu impulsar o servizo xenético?

RC: O servizo xenético, totalmente voluntario, xurdiu a raíz duns éxcel monumetais, son indixeribles pola cantidade de información que integran. Todos os datos teñen o seu peso, grazas a ferramentas informáticas como Conafemat, as tarefas axilízanse.

EV: A min chegábame un documento cos datos e superábame. A raíz de que outros compañeiros tiñan este mesmo problema, en 2020 Fefric comezou a ofrecer o servizo de asesoramento xenético. Estou moi contento cos resultados e os animais demostran a súa progresión ano tras ano.

Cando empezaches a detectar eses avances?

EV: Vese no noso gráfico co índice de Im_{Et} leite, nos animais nados un ano despois de comezar a xenotipar xa se comprobou un salto importante. Ao aparear e nacer exemplares máis correctos e uniformes, conseguimos mellores producións.

Que información se inclúe nas probas?

RC: Moita: índices de produción, funcionais, recesivos, tipo de proteína etc. Todos teñen o seu peso. A vantaxe é que marcas un camiño e non descoidas ningún detalle.

Incorpóranse novos índices para analizar?

RC: Si. Ano a ano vanse sumando máis. Por exemplo, o parámetro para medir o metano, cunha fiabilidade pequena, xa entrou. Somos dos poucos países que dispoñemos de avaliación en metano, seguramente mellorará, pero xa se ten en conta. Non prescindimos de nada do que nos permite a xenómica.

Como recibiron a xenómica os gandeiros?

RC: Non atopei ningún ao que lle explique pausadamente o tema da fiabilidade e que non che diga "Que pasada!", porque tes unha xata que nace cunha fiabilidade entre un 20 % e un 30 %, e cunha proba xenómica, sitúaste nun 78 %. O servizo xenético ofrécese totalmente voluntario e a demanda. De feito, hai gandeiros que se xestionan eles mesmos e están tomando moi boas decisións. Pola contra, hai outros que apostaron por que lles axudemos desde a Federación. Cada certo tempo comprobamos se se van cumprindo

os resultados que queremos e, polo momento, si, pero debemos seguir supervisando.

Como cambiou neste tempo Can Barrina?

EV: Notámolo, principalmente, na produción vitalicia. Ao comezo focalizámonos moito no leite e subimos rapidamente a produción. Non obstante, fai un tempo, íamos moi xustos na porcentaxe de graxa. Queríamos mellorar este parámetro sen penalizar a produción. Ao cabo de dous ou tres anos, segue subindo progresivamente o leite e a taxa de graxa aumentámola considerablemente. A vida produtiva asócioa a ter eses animais mellor apareados.

A filosofía de Can Barrina é apostar por animais lonxevos?

EV: Si. É incidir no benestar, cunhas vacas que duren e produzan moito. Agora mesmo, o prezo da carne vai en contra da nosa mentalidade porque che ofrecen moito diñeiro por un animal que vai ao matadouro. Non obstante, penso que para ser eficientes hai que lograr que a vaca produza máis no seu ciclo vital. En Can Barrina estamos cunha taxa de reposición do 23 %. ►►



¡Pinta tu primavera de azul!

OXA BLUE STOP construye una barrera polimérica desinfectante y transpirable que preserva la ubre sana y oxigenada.

Protege el canal de la ubre hasta su cierre tras el ordeño formando una barrera aséptica y regeneradora.

Aporta elasticidad a la piel y un tono azul vibrante que facilita su control e identificación en la rutina preordeño.



Escanea el código QR para más información



OXA

Habla con nuestros técnicos en info@cygicbiocon.com | +34 93 849 34 55

CYGYC BIOCON



Durante a Xornada Técnica Africor Lugo-Vaca Pinta, Rita e Eduard participaron nunha mesa redonda para responder as preguntas do numeroso público asistente

► RITA CASALS: "MEDIR A EFICIENCIA ALIMENTARIA A TRAVÉS DA XENÓMICA SERÁ UN GRAN PROGRESO, E ESTAMOS PRETO DE ALCANZALO"

Que implica dispoñer dunha porcentaxe alta de animais adultos?

EV: A min gústame este tipo de manexo porque che esixe dar máis e estar encima das vacas constantemente. Se te despistas, sempre xorden cousas, é máis delicado que traballar con primíparas, que, se foi ben o parto, case van soas; por iso existe certa tendencia a prolongar as lactacións das primíparas. A experiencia na miña granxa é que os animais adultos renden máis. O indicador ISCA, o valor económico que che proporcionan os animais adultos, é moi distinto ao das primíparas, iso si, con máis riscos.

Como xestionas as xatas que non presentan un prototipo óptimo?

EV: Ao principio existía máis dispersión entre animais moi sobresalientes e outros que quedaban atrás. A curva da campá de Gauss presentábase máis espaxada e con moitas colas. A medida que foi avanzando a xenómica, esta realidade cambiou. Eu, por circunstancias particulares da granxa, creí un pouco máis do que preciso e o resto dos animais comercialízoos.

Antes, resultábame máis fácil vender porque sabía cales eran os máis idóneos; agora, concentramos tanto a distribución dos animais que, cada vez que teño que vendelos, é un quebracabezas. Cústame moito, porque todos son bos. Un será mellor nalgún aspecto relacionado coas patas, outro mellor en produción, etc. Non obstante, o índice global é óptimo en todos. As ferramentas de apareamento dan animais moi similares ao desexo do gandeiro.

Que retos lle quedan por asumir á xenómica?

RC: Van xurdindo continuamente: patoloxías, inmunidade, eficiencia alimentaria etc. Por esta última están a agardar un montón de profesionais. Será un gran progreso e estamos preto, pero xa comentan que se converterá nun índice complexo porque hai moitos caracteres que inciden nel.

EV: A alimentación é o principal custo da nosa empresa. Expuxéronse proxectos nos que se ve como dous animais, que producen o mesmo, comen unha diferenza de quilos enorme. Ter a capacidade de distinguir as vacas nas que renda máis o alimento que comen será moi importante para o futuro das ganderías. Tamén nos dará valor ante os discursos que falan de que o noso sector non é sostible. Estas son armas de sostibilidade para os gandeiros. ■

El rendimiento productivo COMIENZA AQUÍ



Alimentación para rendimiento y rentabilidad

Adisseo ofrece una solución única y completa para ayudar a maximizar el rendimiento lechero a través de la alimentación. Nuestras soluciones personalizadas de salud y nutrición están diseñadas para superar los desafíos de la producción lechera y brindarle un socio de confianza para ayudarle a alcanzar el éxito.



Contactos:

Enrique Fraile +34 607 349 084 - enrique.fraile@adisseo.com

Juan Gonzalez-Vadillo +34 661 571 536 - juan.gonzalez@adisseo.com

ADISSEO
A Bluestar Company